

FONDO SOLIDARIO, AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR NO CURSO ESCOLAR 2016-17

ORDE do 27 de abril de 2016 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos, para curso escolar 2016/2017. (DOG 16 de maio de 2016)

- A orde integra diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto:
 1. Fondo solidario de libros de texto en 3º, 4º, 5º e 6º de primaria
 2. Axudas para adquirir libros de texto en 1º e 2º de educación primaria e en educación especial.
 3. Axudas para adquirir material escolar para alumnado de educación primaria e educación especial.
- **1.FONDO SOLIDARIO:**
 - a) Ao alumando que participe no fondo solidario, asignaráselle os libros de texto correspondentes aos cursos 3º, 4º, 5º e 6º en orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias (Terá preferencia o alumnado en garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda)
 - b) Esgotados os libros disponibles no fondo solidario, o centro adquirirá os libros de texto que sexan necesarios para garantir:
 - ✓ Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400 euros: seis libros de texto.
 - ✓ Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 5400 euros e igual ou inferior a 9000 euros: catro libros de texto.
 - ✓ Ao alumnado en garda ou tutela da Xunta ou unha discapacidade igual ou superior ao 65%: seis libros de texto con independencia da renda.

A devolución de libros de texto farase ata o día 23 de xuño.

- **2.AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
 - ✓ Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400 euros: 170 euros.
 - ✓ Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 5400 euros e igual ou inferior a 9000 euros: 90 euros.
 - ✓ Para o alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 250 euros con independencia da renda per cápita da unidade familiar.
 - ✓ Para o alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será de 170 euros.
- **3.AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR.**
 - ✓ Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400 euros: 50 euros
 - ✓ O alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda con independencia da renda.
- **Para o cálculo da renda familiar:**
 - ✓ Agregaranse as rendas de cada un dos membros da familia que obteñan ingresos (súmanse os recadros 430 e 445 da declaración do IRPF), tendo en conta o exercicio fiscal de 2014, dividindo a renda resultante entre o número de membros computables da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns). A estes efectos, computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
 - ✓ Se non presentaron declaración, sumaranse os ingresos netos obtidos durante o exercicio 2014
- **Prazo de presentación** de instancias para o alumnado de educación primaria e educación especial é **do 18 de maio ao 23 de xuño de 2016**, ambos inclusive. Obrigatoria a súa presentación na secretaría do Centro.
- A **solicitud** será **única para todos os fill@s admitidos no mesmo centro docente e para as tres modalidades de axuda** para o curso 2016/17

- **As instancias** (ANEXO I da ORDE) **poden obterse no centro**, na páxina web, na xefatura territorial da Consellería de Educación e O.U. e no portal educativo no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es> e na guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.es/>.
- **Xunto coa solicitude deberase entregar:**
 - Orixinal e copia do libro de familia, onde figuren todos os membros da unidade familiar a 31 de decembro de 2014
 - No caso de discapacidade do alumno ou alumna solicitante ou membro da unidade familiar, deberán presentar a certificación que o acredite (orixinal e copia)
 - Nos casos de: separación ou divorcio deberán presentar a correspondente senteza e o convenio regulador, o certificado ou volante de convivencia ou o informe dos servizos sociais do concello, no que se acredite a situación familiar.
 - Nos casos de violencia de xénero deberán presentar a documentación acreditativa.
 - **O centro tramitará as solicitudes** dentro dos prazos establecidos na ORDE; unha vez estea introducida a solicitude, xerarase un vale por cada alumno ou alumna beneficiario.
 - **O centro entregará os vales** ás familias, **O día 1, 2 e 3 de XULLO**, con eles poderán adquirir os libros no correspondente establecemento.
 - **O Fondo de Libros para 3º, 4º, 5º e 6º de EP será repartido no inicio de curso.**
 - **Obrigas das persoas beneficiarias:**
 - ✓ Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2015/16 (Está excluído o beneficiario de libros de texto de 1º e 2º de EP e o alumnado de EE cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, sempre que os libros ou material non se poidan reutilizar)
 - ✓ Conservar en bo estado os libros do fondo ou adquiridos coas axudas e devolvelos ao rematar o curso.
 - ✓ Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto do colexio.
 - ✓ Destinar o importe do vale para material escolar que necesite.
- Se alguna **familia que non recibira axuda de libros de texto**, considera oportuna a súa **participación no banco de libros**, poderá facer entrega dos mesmos antes do día 23 de xuño.

Oza dos Ríos, maio de 2016.

O equipo directivo